

Igrexa de Loureiro (parroquial de Santiago)

**Descrición**

Igrexa de planta rectangular con anexo lateral que fai uso de sancristía. O templo é de factura barroca con torre campanario con balconada que arranca da fachada e pilastras laterais con pináculos con bola. Sobre a porta de acceso principal en arco de medio punto ten fornela con imaxe da Virxe Peregrina. Remata en cúpula de pedra e pináculo. Nos laterais, dous contrafortes na nave, cuberta en dúas augas e a igual altura que os brazos; capela con contrafortes en ángulo, máis alta, cadrada, cuberta a catro augas e esquinas con pináculos e gárgolas. No interior, capela cadrada con bóveda estrelada de cinco claves decoradas, nervios sobre ménsula con forma de cabezas, arco triunfal apuntado caixeadado sobre pilastras tamén caixeadas ao igual que os arcos faixóns. Cruceiro con bóveda de arestas e brazos de bóvedas de media lúa. Nave en tres tramos con cruzaría dunha clave, nervios sobre ménsulas, arcos feixóns apuntados sobre columnas acaroadas, portas laterais con arcos de descarga sobre elas, no último tramo tribuna sobre arco rebaixado. Nas esquinas das capelas laterais decoración de placas recortadas.

Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Igrexa

LOCALIZACIÓN**Parroquia**

Loureiro

Lugar

O Igrexario

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 543801 Y: 4701230

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.468784 O

Latitude: 42.460244 N

